

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

5031 *Real decreto 297/2009, do 6 de marzo, sobre titularidade compartida nas explotacións agrarias.*

A muller, principalmente no ámbito da explotación familiar, comparte co home as tarefas agrarias, asumindo boa parte delas e achegando tanto bens como traballo. Porén, este labor carece de suficiente recoñecemento xurídico, valor económico e reflexo social, por canto non transcende do ámbito familiar. Iso débese normalmente a que, neses casos, figura só unha persoa física como titular por explotación agraria, o que dificulta que se valore adecuadamente a súa participación nos dereitos e obrigas derivados da explotación agraria en condicións de igualdade. Polo tanto, faise necesaria a consideración de ambos os cónxuxes ou, de ser o caso, persoas ligadas cunha relación de análoga afectividade recoñecidas ou inscritas nalgún rexistro público, dedicadas á explotación agraria como cotitulares, para que o seu traballo e outros dereitos destas persoas, a gran maioría mulleres, sexa recoñecido.

A Constitución no seu artigo 14 proclama o dereito á igualdade e á non-discriminación por razón de sexo. Ademais, o artigo 9.2 establece que os poderes públicos promoverán as condicións para conseguir que sexan efectivas a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, encomenda aos poderes públicos conseguir que esta igualdade sexa real e efectiva en todos os ámbitos sociais e económicos, mediante a adopción de accións positivas que contribúan a garantir o mencionado dereito fundamental. Así, no seu artigo 30, recolle a figura xurídica da titularidade compartida, como medida dirixida a facer efectiva a igualdade entre mulleres e homes no sector agrario, e conseguir o pleno recoñecemento do traballo das mulleres no ámbito rural, para cuxos efectos encomenda aos ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación (actualmente, de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño), de Traballo e Asuntos Sociais (actualmente, de Traballo e Inmigración) e de Igualdade acometer o desenvolvemento normativo preciso.

Así mesmo, na súa disposición derradeira cuarta referida á titularidade compartida, a Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sustentable do medio rural, establece que para a igualdade efectiva de mulleres e homes o Goberno promoverá e desenvolverá o réxime de cotitularidade de bens, dereitos e obrigas no sector agrario e a correspondente protección da Seguranza Social.

En cumprimento dos mandatos legais referidos, e para conseguir a igualdade efectiva e a non-discriminación entre homes e mulleres, como preconizan as normas citadas, este real decreto desenvolve a figura da titularidade compartida das explotacións agrarias, tomando en consideración as persoas que constitúen a parella, titularidade que, conforme o noso ordenamento xurídico, é a que fundamenta a atribución de dereitos e obrigas derivados da actividade agraria e, de ser o caso, das actividades complementarias.

Este real decreto, porén, é só a primeira das medidas destinadas a dar cumprimento a ese mandato de promoción e desenvolvemento da titularidade compartida de explotacións, sendo, pois de alcance limitado debido á necesidade de operar dentro dos límites que, para emitir regulamentos, ten o Goberno. Esta primeira medida irá acompañada no futuro doutras que farán necesaria ou conveniente a promulgación de leis civís, mercantís, fiscais ou laborais cuxa elaboración exige un estudo máis detallado. Por iso, o real decreto opera no campo da regulación meramente administrativa das explotacións agrarias, creando unha figura adicional preferencial ás xa previstas na Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias, e ampliando o réxime de redución de cotas a favor de determinados familiares do titular da explotación agraria establecido na Lei 18/2007,

do 4 de xullo, pola que se procede á integración dos traballadores por conta propia do réxime especial agrario da Seguranza Social no réxime especial da Seguranza Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, para as mulleres que, como titulares da explotación e cumprindo coa súa actividade profesional os requisitos de contribución ás actividades agrarias e complementarias nos termos previstos pola lei, se incorporen á actividade agraria coa conseguinte alta no réxime correspondente da Seguranza Social.

Na tramitación deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño; de Igualdade, e de Traballo e Inmigración, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de marzo de 2009,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto promover para efectos administrativos a titularidade compartida das explotacións agrarias entre os cónxuxes ou persoas ligadas cunha relación de análoga afectividade, inscritas nalgún rexistro público, cos dereitos e as obrigas derivados do réxime de modernización das explotacións agrarias e outras normas do sistema da Política Agraria Común na súa aplicación en España e para efectos de estender os beneficios na cotización á Seguranza Social previstos na disposición adicional primeira da Lei 18/2007, do 4 de xullo, ás mulleres que teñan esa cotitularidade, nos termos sinalados no artigo 7.3.

2. Isto non afectará a titularidade civil da propiedade das explotacións, salvo que expresamente os cotitulares sigan para iso as normas civís e mercantís de ámbito xeral e inscriban o dito réxime no rexistro da propiedade.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto entenderase como:

a) Titularidade compartida: aquela en que tanto a muller como o seu cónxuxe ou persoa ligada a ela cunha relación de análoga afectividade inscrita nalgún rexistro público cumpren os requisitos do artigo 4.1 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización de explotacións agrarias e declaran tal circunstancia á autoridade competente da comunidade autónoma respectiva para os efectos da súa inscrición no rexistro regulado no artigo 5.

b) Autoridade competente: aquela á cal, pertencendo á comunidade autónoma en cuxo territorio se encontre a explotación ou a maior parte dela, lle corresponda a recepción, verificación e comunicación das declaracións de cotitularidade.

2. Así mesmo, aplicaranse as definicións recollidas no artigo 2 da Lei 19/1995, do 4 de xullo, de modernización das explotacións agrarias. O disposto no número anterior entenderase sen prexuízo da aplicación doutras figuras de explotacións agrarias prioritarias e da aplicación das definicións dos artigos 2 e 3 da Lei 19/1995, do 4 de xullo.

Artigo 3. *Alcance e efectos.*

1. As axudas, pagamentos, dereitos de produción, primas, cotas ou outras medidas de efecto equivalente que correspondan ao titular da explotación, atribuiranse conxuntamente aos cotitulares que comunicasen á administración competente a existencia da dita cotitularidade, para cuxo efecto será preciso sinalar a conta conxunta en que se deban facer efectivos os correspondentes ingresos.

2. Comunicada á autoridade competente a titularidade compartida polas partes que a integran, producirá os seus efectos desde o momento da súa recepción por aquela.

Artigo 4. Extinción e modificación da titularidade compartida.

1. A titularidade compartida poderase extinguir por renuncia dos titulares ou acordada de oficio pola autoridade competente por deixar de reunir algún dos requisitos do artigo 2, polas causas establecidas nas leis e outras disposicións de carácter xeral e por resolución xudicial.

2. Os cotitulares da explotación comunicarán á autoridade competente calquera variación que afecte o contido dos datos que figuran no Rexistro de titularidade compartida no prazo dun mes desde que esa variación teña lugar.

Artigo 5. Rexistro da titularidade compartida.

1. No Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño existirá un rexistro en que se reflectirán as declaracións de titularidade compartida, e as súas variacións, recibidas da autoridade competente das distintas comunidades autónomas.

2. O dito rexistro deberá conter, polo menos, a identificación dos cotitulares e, de ser o caso, do representante designado por estes, así como a identificación da explotación e o seu número de identificación fiscal.

3. As comunidades autónomas comunicarán mensualmente ao Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño os datos facilitados polos cotitulares, así como as súas variacións, para os efectos da súa constancia no rexistro.

Artigo 6. Confidencialidade dos datos.

As administracións públicas garantirán a confidencialidade dos datos recibidos, os cales só poderán ser utilizados para a finalidade concreta para a que foron subministrados, de conformidade co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 7. Incentivos.

1. As administracións públicas poderán establecer axudas públicas, subvencións, preferencias en apoios e outras medidas incentivadoras co fin de promover o acceso e permanencia das mulleres á titularidade compartida das explotacións agrarias.

2. Na concesión das axudas á primeira instalación de agricultores mozos, as comunidades autónomas poderán considerar os cotitulares como socios dunha entidade asociativa, para os efectos de outorgar as axudas íntegras por mozo incorporado, aínda tratándose da mesma explotación, se polo menos un deles é muller.

3. O cónxuxe do titular dunha explotación agraria a que se refire a disposición adicional primeira da Lei 18/2007, do 4 de xullo, pola que se procede á integración dos traballadores por conta propia do réxime especial agrario da Seguranza Social no réxime especial da Seguranza Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, que se constitúa en cotitular da explotación, terá dereito aos beneficios na cotización á Seguranza Social a que se refire a citada disposición, sempre que se cumpran as condicións establecidas nela.

O previsto no parágrafo anterior será aplicable ao membro da parella de feito que se constitúa en cotitular da explotación agraria, unha vez que se regule, no ámbito de aplicación do sistema da Seguranza Social e dos réximes que o forman, o alcance do encadramento das parellas de feito dos titulares de explotacións agrarias, de conformidade co previsto na disposición adicional segunda da citada Lei 18/2007, do 4 de xullo.

Disposición adicional única. Habilitación.

Facúltanse os titulares dos ministerios de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño; de Traballo e Inmigración; de Igualdade, e de Economía e Facenda, para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións precisas para o desenvolvemento e aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre a regulación das condicións básicas que garantan a igualdade de todos os españois no exercicio dos dereitos e no cumprimento dos deberes constitucionais. Exceptúase do anterior o número 3 do artigo 7, que se dita ao abeiro do establecido no artigo 149.1.17.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica e réxime económico da Seguranza Social.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de marzo de 2009

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ